Sinais de identidade

O I.E.S. Manuel García Barros é un centro de ensino público que oferta o Ensino Secundario e as tres modalidades de Bacharelato existentes: Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais, e Artes.

O centro creouse no ano 1967 como *Instituto Nacional Mixto de Bacharelato*. Nese momento era o único centro de ensino medio e pasou a chamarse "O Instituto", non había outro.

Pasou por diferentes denominacións ata chegar ao actual de *Instituto de Educación Secundaria Manuel García Barros* da Estrada. Recibiu este nome na memoria do escritor estradense Manuel García Barros, mestre de Berres, parroquia da Estrada.

O edificio (1.639 metros cadrados) comprende dous grandes módulos unidos por unha escaleira central, pórticos (567 metros cadrados), un ximnasio (342 metros cadrados) e pistas deportivas (1581'5 metros cadrados). O recinto total, pechado, ten un perímetro de 390 metros e comprende un total de 1'02 ha. A inauguración do edificio foi no ano 1983 e tivo dúas ampliacións sucesivas, a primeira no 1988 e a segunda no 1990.

O centro está situado na chamada zona escolar, na rúa da Cultura, ao carón dos outros dous institutos do concello, o I.E.S. Nº 1 e o I.E.S. Antón Losada Diéguez.

Na actualidade somos un centro de nivel medio, pois a baixada da natalidade e a creación doutros centros fan que o noso alumnado ronde os 450 (419 para o curso 2021-2022).

Temos un centro de ensino primario adscrito, o C.E.I.P. Pérez Viondi, pero recibimos alumnado de toda a comarca.

O centro I.E.S. Manuel García Barros defínese como aconfesional, plural e respectuoso cun mundo cambiante e diverso.

Manifféstase a prol da normalización lingüística do galego, procurando que esta sexa a lingua vehicular en todo o ámbito escolar. Debemos garantir tamén que o alumnado domine as dúas linguas oficiais, e que coñeza o seu valor como base da comunicación e da adquisición de coñecementos.

O labor educativo do centro baséase no respecto, no diálogo, na reflexión, na colaboración e na solidariedade, rexeitando calquera tipo de discriminación e defendendo o dereito á diversidade.

O I.E.S. Manuel García Barros pretende constituírse nun espazo de convivencia e formación que promova a participación, a tolerancia e o desenvolvemento persoal e intelectual dende unha perspectiva crítica e racional acorde cos tempos.